



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

No Salón de Actos da Casa do Concello, ás trece horas e trinta e tres minutos do trinta de decembro de dous mil dezanove, reuníronse en sesión ordinaria (á que foron previamente convocados) baixo a presidencia do Sr. Alcalde Don José Ángel Santos Sánchez, os concelleiros Dona María de los Ángeles Buján Burgo, Don Jesús Julio Cortiña López, Dona Nuria Vázquez Argerey, Don Enrique Barreiro Sánchez, Don Juan Carlos Casal Pena, Dona María Ángeles Pilar López López, Don Juan Ramón Varela López e Dona Nerea Campo Fariñas.

Non asiste o concelleiro Don Mauro Faustino Mourín González. Polo Sr. Alcalde discúlpase a ausencia do concelleiro, por motivos persoais, así como a non presenza de membros do Grupo Mixto, ao non estar resolta a substitución da concelleira Sra. Martínez Martínez.

Asiste como Secretario o da Corporación, Don Julio González Casanova.

Faise constar no expediente da sesión, que de conformidade co acordo do Pleno na sesión de 20 de xuño, referido ao réxime de sesións, procedería a celebración da sesión ordinaria o 26 de decembro, en orde á tramitación de expedientes concluídos. Non obstante, á vista das datas de Nadal e días concedidos ao persoal, estimouse deixar a celebración da sesión para o 30 de decembro, segundo resolución da Alcaldía de 23 de decembro. No acordo sobre o réxime de sesións do Pleno, dise que cando concurran razóns xustificadas poderíase trasladar a data distinta dentro do mesmo mes, previa consulta cos voceiros dos grupos políticos con representación na Corporación. Esta consulta non procedeu no presente caso, á vista da renuncia da concelleira (da que se tomou razón na sesión de 12 de decembro) así como con posterioridade da número 2 da lista do PSdeG, presentada o 18 de decembro, e da que se tomará razón nesta sesión, para a remisión de ambas á Xunta Electoral Central, en orde a axilizar a cobertura do posto e evitar trámites e nomeamentos que dean lugar a sucesivas renuncias.

Seguidamente pasouse a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Dáse conta ao Pleno do borrador da acta da sesión extraordinaria celebrada o doce de decembro do actual, repartido coa convocatoria. Polo Sr. Alcalde pregúntase aos señores concelleiros se están de acordo coa redacción da acta, ou queren facer algunha alegación ao respecto.

Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa formular ningunha cuestión ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (nove votos a favor) **ACORDA** prestar aprobación ao borrador da acta da sesión extraordinaria celebrada o doce de decembro do actual, proclamando o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

2.- SUBSTITUCIÓN DE CARGOS REPRESENTATIVOS LOCAIS.- Dáse conta ao Pleno das actuacións ao respecto. Á vista do escrito de renuncia da concelleira Dona María Ángeles Martínez Martínez, así como do disposto no art. 182 da Lei 5/85, de 19 de xuño (Réxime Electoral Xeral) art. 9.4 do R.D 2568/88, de 28 de novembro, así como da instrución ditada pola Xunta Electoral Central de 10 de xuño de 2003, sobre substitución de cargos representativos locais, o Pleno do Concello, na sesión de 12 de decembro do actual, tomou coñecemento da mesma, remitindo certificación do acordo á Xunta Electoral. Na acta da sesión consta que a efectos de que pola Xunta Electoral Central se procedera á substitución da mesma, remítarase certificación, xunto coa lista pola que foi elixida a concelleira que renuncia ao seu cargo, estimando que xa que a devandita formación nas eleccións locais de maio do actual obtivo un acta de concelleiro, sen que ata a renuncia houbera constancia de variación na lista, estímase que procedería cubrir a vacante ao número dous da devandita lista Dona LORENA PÉREZ MORADO, xa que ata o momento non hai constancia nas oficinas municipais de renuncia á proclamación de electo.

Coa data 18 de decembro do actual, Dona Lorena Pérez Morado, número 2 da candidatura, presenta escrito notificando a súa decisión de renunciar a acta de concelleira polo Grupo Socialista de Friol. Polo tanto, estimouse que antes de proceder á remisión á Xunta Electoral, o Pleno debe tomar coñecemento da seguinte renuncia, en orde á axilizar a cobertura do cargo e evitar trámites e nomeamentos que dean lugar a sucesivas renuncias.

Á vista da documentación obrante ao respecto, e en orde a dar cumprimento ao disposto nas disposicións anteriormente citadas, o Pleno do Concello:

- Toma coñecemento da renuncia de Dona Lorena Pérez Morado, que nas eleccións locais celebradas en maio do actual, ocupaba o número 2 da candidatura da formación Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE), que era a quen correspondería a substitución da concelleira que resultou electa (a número 1 da candidatura)
- A efectos de que pola Xunta Electoral Central se proceda á substitución da mesma, remítarase certificación do acordo anterior e do presente, xunto coa lista pola que foi elixida a concelleira que renunciou ao seu cargo, así como a renuncia da número 2, estimando que xa que a devandita formación nas eleccións locais de maio do actual obtivo un acta de concelleiro, que procede cubrir a vacante ao número tres da devandita lista Don Yon Penas Busto, xa que ata o momento non hai constancia nas oficinas municipais de renuncia á proclamación de electo.

3.- ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO ECONÓMICO DE 2020.- Polo Sr. Alcalde dáse conta ao Pleno do expediente tramitado para a aprobación, no seu



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

caso, do orzamento para o exercicio económico de 2020. Na súa tramitación cumpríronse os requisitos esixidos pola lexislación vixente, en especial do preceptuado nos artigos 162 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais) e que conteñen os documentos que preceptúan os art. 164, 165 e 168 e concordantes do devandito Real Decreto Lexislativo 2/2004 (na redacción dada polo R.D. 17/2014, de 26 de decembro) e no Real Decreto 500/1990, de 20 de abril e que se elaboraron coa estrutura indicada na orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, así como do establecido na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Vistos informes emitidos pola Intervención, despois da exposición ao respecto e sen que polos señores concelleiros se desexe facer intervencións, o Pleno do Concello en votación ordinaria e por en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (nove votos a favor) **ACORDA**:

- 1- Aprobar inicialmente o orzamento para o exercicio de 2020, co seguinte resume a nivel de capítulos, que a continuación se transcribe:

ESTADO DE GASTOS

CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN
A.- OPERACIÓNS CORRENTES		
1	GASTOS DE PERSOAL	820.223,04
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	1.548.456,04
3	GASTOS FINANCIEROS	3.500,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	108.782,00
5	FONDO DE CONTINGENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		2.480.961,08
B.- OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	INVERSIÓN REAIS	947.573,98
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	184.177,93
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		1.131.751,91
TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS		3.612.712,99

ESTADO DE INGRESOS

CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN
A.- OPERACIÓNS CORRENTES		
1	IMPUESTOS DIRECTOS	939.090,06
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	115.059,31
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS	387.148,85
4	INGRESOS	1.545.524,22
5	TRANSFERENCIAS CORRENTES INGRESOS PATRIMONIAIS	2.400,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		2.989.222,44
B.- OPERACIÓN DE CAPITAL		
6	ENAXENACIÓN DE INVERSIÓN REAIS	900,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	634.325,35
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL		635.225,35
TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS		3.624.447,79

- 2- Aprobar as bases de execución do orzamento, o cadro persoal e a relación de postos de traballo, reservados a persoal funcionario, laboral e eventual, tal e como figuran no expediente de tramitación do presuposto no que se inclúen os créditos necesarios para o abono das dotacións correspondentes, así como a creación do posto de vixiante municipal en canto persoal

funcionario, así como as que figuran como vacantes no referente ao persoal laboral fixo/indefinido (Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, Encargada/o e Persoal de Apoio do Punto de Atención á Infancia, para seguidamente continuar coa tramitación esixida pola Lexislación vixente en orde á súa provisión). Todo elo de acordo co disposto no art. 126.1 do Real Decreto Lex. 781/1986, de 18 de abril, en relación co art. 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e que se transcribe a continuación:

1.- PERSOAL FUNCIONARIO.-

POSTO DE TRABALLO	SUBGRUPO	SITUACIÓN
Secretario-Interventor Habilitación Estatal	A1/A2	Propiedade
Técnico-Medio-(Tesoureiro *) Administración Especial	A2	Propiedade
Administrativo Administración Xeral	C1	Propiedade
Administrativo Administración Xeral	C1	Propiedade
Vixilante Municipal Administración Especial	C2	Vacante

*En relación coa Tesourería, estarase ao indicado previamente nesta Memoria e, ao que dispoña a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2020.

2.- PERSOAL LABORAL FIXO/INDEFINIDO.-

POSTO DE TRABALLO OU CARGO	NÚMERO DE POSTOS	CARACTERÍSTICAS
Traballador Social	1	Xornada completa
Axente de Emprego e Desenvolvemento L.	1	Vacante
Encargada do P.A.I.	1	Vacante
Persoal de apoio do P.A.I.	1	Vacante
Peón	2	Xornada completa
Encargado de obras e servizos de mante.	1	Xornada completa
Encargada Biblioteca e Secretaría Xulgado	1	Xornada completa
Oficial de 2ª	1	Xornada completa
Operario de servizos múltiples	1	Xornada completa

3.- PERSOAL LABORAL CONTRATADO/TEMPORAL (NON FIXO).-

POSTO DE TRABALLO OU CARGO	NÚMERO DE POSTOS	CARACTERÍSTICAS
Axente de emprego e desenvolvemento local	1	A extinguir en caso de cubrise como laboral fixo
Persoal convenio motomba (incendios)	3	Xornada completa (3 meses)
Persoal brigada incendios (labores de vixilancia e extinción)	5	Xornada completa (3 meses)
Persoal do programa denominado Depuemprego	8	Xornada parcial (6 meses)
Persoal do P.A.I.	2	A extinguir en caso de cubrise como laboral fixo
Traballador Social (agrupación Friol-Guntín)	1	Xornada completa

4.- PERSOAL EVENTUAL.-

Ningún.

O Cadro de persoal laboral temporal poderá ampliarse coas subvencións que este Concello poida recibir da Comunidade Autónoma ou de outros organismos públicos para financiar ou cofinanciar a contratación de persoal de obras ou de servizos determinados; ou ben por necesidades perentorias do servizo.

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

A) FUNCIONARIOS:



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

DENOMINACIÓN	DOT	N.	C.E.M.	T.P.	F.P.	ADSCRIPCIÓN	TITULACIÓN
SECRETARÍA-INTERVENCIÓN	1	28	1.839,23	S	C	HABILI. ESTATAL	L. DEREITO
TÉCNICO M. - TESOUREIRO	1	26	1.500,67	S	OP	ADMINIS. ESPECIAL	D. UNIVERSI.
ADMINISTRATIVO	1	22	701,77	N	COP	ADMINIS. XERAL	B. SUPERIOR
ADMINISTRATIVO	1	22	701,25	N	COP	ADMINIS. XERAL	B. SUPERIOR
VIXILANTE MUNICIPAL	1	14	500,00	S	OP	ADMINIS. ESPECIAL	G. ESCOLAR

DOT=Dotación; N.=Nivel; C.E.M.=Complemento Específico mensual (14 meses); T.P.=Tipo de puesto; S=singularizado; N=No singularizado; F.P.=Forma de provisión; C=Concurso; OP=Oposición; COP=Concurso Oposición.

B) PERSOAL LABORAL FIXO/INDEFINIDO:

DENOMINACIÓN	DOT	TITULACIÓN	OBSERVACIÓNS
TRABALLADOR SOCIAL – SERVIZOS SOCIAIS	1	TRABALLO SOCIAL	COMPARTIDO CO CONCELLO DE GUNTÍN
AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	1	DIPLOMADO	VACANTE
ENCARGADA DO P.A.I.	1		VACANTE
PERSOAL DE APOIO DO P.A.I.	1		VACANTE
PEÓN	2	E. PRIMARIOS	
ENCARGADO DE OBRAS E SERVICIOS DE MANTENIMENTO	1	E. PRIMARIOS	
ENCARGA. BIBLIO. E SECRE. XULGADO	1	B. SUPERIOR	
OFICIAL DE SEGUNDA	1	E. PRIMARIOS	
OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES	1	CERTIFICADO DE ESCOLARIDADE	

- 3- Que se expoña ao público polo prazo de quince hábiles, a efectos de exame e presentación de reclamacións, conforme ao establecido no art. 169.1 do Real Decreto Lex. 2/2004, de 5 de marzo.
- 4- Que no suposto de non presentarse reclamacións, considerárase definitivamente aprobado, cumpríndose con posterioridade o trámite da súa publicación, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello, xunto co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, de acordo co establecido no art. 127 do Real Decreto Lex. 781/1986, de 18 de abril e no art. 169 do Real Decreto Lex. 2/2004. No caso de presentarse reclamacións, procederase de acordo co previsto no devandito artigo, resolvéndose as mesmas polo Pleno do Concello.
- 5- Que de conformidade co previsto no art. 169.4 do Real Decreto Lex. 2/2004, remitirase copia do presuposto á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Con anterioridade á votación procedeuse á exposición polo Sr. Alcalde. Comeza referíndose ao seu importe total, que ascende no seu Estado de Ingresos a 3.624.447,79€, e no Estado de Gastos á cantidade de 3.612.712,99€, presentando un superávit inicial de 11.734,80€. Pon de manifesto que se trata do segundo orzamento inicial máis alto da historia de Friol, soamente superado lixeiramente polo do ano que está a punto de rematar.

Continúa dicindo que en materia de persoal, cabe sinalar que se extingue a praza de Policía Local, pola xubilación do titular, procedendo a crear unha de vixilante municipal, ao non cumprir os requisitos mínimos de cadro de persoal esixido pola Lei para poder convocar unha nova praza de policía local. Tamén se amortizan as dúas prazas de auxiliares de axuda a domicilio, desempeñadas por persoal laboral, ao recoñecerlles a Seguridade Social ás traballadoras, unha invalidez que as imposibilita para o desempeño do seu traballo habitual. O seu traballo queda

externalizado, pola empresa que ten adxudicado o servizo de S.A.F. por dependencia e que xa viña cubrindo as baixas e as vacacións das traballadoras.

Tamén fai constar que se fai previsión ao respecto da cantidade destinada para axuda as familias que teñan un fillo/a durante o vindeiro, que se duplica pasando a 1.000€, máis unha cesta con produtos para o/a recén nacido/a valorada en 200€, que contribúa a loitar contra a caída de poboación. Mantéñense as axudas as permutas entre particulares de fincas rústicas, a efectos de fomentar o sector primario.

No que se refire aos ingresos, non contempla incrementar a presión fiscal en relación coas taxas e prezos públicos, salvo a taxa da recollida do lixo e tratamento e eliminación do mesmo, na mesma porcentaxe que o incremento do I.P.C. (desde decembro de 2018 ata decembro de 2019), dato que facilitará o Instituto Nacional de Estatística, que é a mesma porcentaxe que aplican de subida as empresas adxudicatarias da prestación dos servizos. Non se incrementan os tipos impositivos establecidos nas vixentes ordenanzas para o I.B.I. de urbana, de rústica, de bens de características especiais, do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, nin os impostos sobre actividades económicas e sobre construcións, instalacións e obras. Neste último como novidade, se contempla a bonificación do custe do imposto para obter as licenzas de obra necesarias para a implantación de novos negocios na capitalidade do municipio, que se suman as xa existentes e que se prorrogan en relación co parque empresarial.

Fai constar que en relación co IBI de rústica, mantense a bonificación co máximo que permite a Lei, un 95%, da cota íntegra do imposto, co fin de favorecer ao sector primario. Esta bonificación xa alcanza a 8.250 parcelas, o que supón unha merma nos ingresos municipais de máis de 40.000€, que se quedan no fomento do sector primario.

Refírese seguidamente ás axudas que se contemplan, procedentes da Xunta de Galicia, destacando as destinadas á redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal e Cartografía, Fondo de Compensación Ambiental para aforro e eficiencia enerxética nos alumeados públicos, para dous traballadores sociais dos concellos da agrupación Friol - Guntín, o Fondo de Cooperación Local, os destinados á prevención e defensa contra incendios forestais, ao servizo de axuda do fogar, na modalidade de dependencia, así como da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para o plan de mellora de camiños municipais. No que respecta ao Plan Único da Excma. Deputación Provincial, está previsto recibir máis de 305.000€ para obras e contratación de persoal a través do programa Depuemprego.

No que se refire ao capítulo de gastos, expón que no capítulo de gastos de persoal, dótanse todos os créditos necesarios para a actualización das nóminas segundo os postos de traballo que están establecidos, de acordo coa lexislación aplicable. Con cargo ao capítulo segundo, de gastos correntes en bens e servizos, representa o



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

42,861% do total, dáse cobertura ao mantemento en bo estado das vías públicas municipais, dedicando a política de gasto de infraestruturas unha boa parte do Orzamento. Tamén ao mantemento, renovación e consumo dos alumeados públicos, con máis de 2.500 puntos de luz, traída de augas, maquinaria municipal, edificios públicos, recollida de lixo e o seu tratamento.

Destaca os créditos destinados á promoción da cultura e deporte, no que se destaca as celebracións como a feira do queixo e do pan de Ousá (en orde a dar a coñecer os produtos de Friol e fomentar a profesionalización do sector primario para facelo máis competitivo) así como do Friulio, que tanto éxito e recoñecemento ten en cada edición. Engade a festa da terceira idade, a festa da xuventude, festa de Reis, a excursión para a terceira idade, a feira do gando vacún, cursos de baile, ximnasia de mantemento o servizo de noitebús, e un importante etcétera, que melloran a calidade de vida dos veciños. Fai referencia tamén ao mantemento do Centro Público Integrado, do Centro Médico, do Centro Socio Cultural, Biblioteca Pública, punto limpo, Punto de Atención á Infancia, destacando que se está rematando o que será o novo edificio destinado a Punto de Atención á Infancia e outros servizos.

Refírese tamén o servizo de axuda a domicilio (persoal, prestación básica, dependentes), ou sexa todo o que abarca a política de gasto denominada Servizos sociais e promoción social, dotada cun importe de 415.539,90€ destinada á xente máis vulnerable a máis necesitada.

Refírese seguidamente ao capítulo de inversións, dotado dun crédito por importe de 947.573,98€, que representa máis do 26% da totalidade do Orzamento inicial, que se incrementará ao longo do exercicio polo produto das xestións ante outras administracións públicas. Detalla as inversións que figuran no Anexo do orzamento, referíndose seguidamente á aportación de fondos propios para o PLAN HURBE, da obra "Edificación e urbanización do entorno do Club Fluvial", que ascende a 184.177,93€, superando a inversión prevista os 700.000€.

Conclúe a exposición dicindo que se fai un importante esforzo en materia de subvencións, como por exemplo nas axudas aos consumos dos puntos de luz (dos veciños do municipio que o solicitaron e que reúnen os requisitos esixidos), así como as axudas a asociacións para a promoción da cultura e do deporte e ás festas ao aire libre, tanto das parroquias como da capitalidade. Reitera as axudas a natalidade, permuta de fincas, poñendo de manifesto que neste apartado as previsións acércanse aos 100.000€, unha cantidade moi xenerosa para un Concello das características de Friol.

Unha vez que conclúe a exposición do Alcalde, non habendo mais intervencións, procédese á votación e polo Sr. Alcalde, proclámase o acordo adoptado.

4.- DECRETOS DA ALCALDÍA.- Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Alcaldía, transcritas ao Libro de Resolucións, das datas comprendidas nos meses de agosto e setembro do actual. Ponse de manifesto que para dar cumprimento ao disposto na lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento das administracións públicas, así como no Decreto 24/2018 de 15 de febreiro (da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza) sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas, proximamente pasarase a formación de libros en soporte electrónico, formados pola agregación cronolóxica das correspondentes actas e resolucións, comprendendo cada libro un ano natural.

5.- INFORMES DA ALCALDÍA.- A instancias do Sr. Alcalde, polo Secretario dáse conta das cuestións que a continuación se relacionan, de interese para o Pleno, sen que se plantexe ningunha cuestión ao respecto:

- Na sesión do Pleno de 20 de xuño do actual, de organización do concello, no relativo á delegación de competencias, o referente ás licenzas, delegouse na Xunta de Goberno. Non obstante, de conformidade co disposto no art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, á vista da premura dos prazos para os particulares, ditáronse resolución de avocación de competencias na Alcaldía para dous casos concretos, o 15 de outubro en relación coa solicitude de Carlos Pacín Seoane e o 13 de novembro, en relación coa solicitude de licenza de segregación de Dona María Cristina Varela López.
- A Xunta de Goberno Local, na sesión de 20 de novembro, en relación coa adquisición de terreo en orde á dotación de centro social de Villavite e urbanización exterior, á vista da documentación obrante no expediente e do disposto na lexislación vixente, adoptou o acordo do que se transcribe a parte dispositiva:
 - Prestar aprobación á proposta de adquisición da finca que figura con referencia catastral 27020A320000480000QT, segundo escritura de aportación a sociedade de gananciais de José Manuel Rodríguez Varela e Olga Ferreiro González, de data 10 de setembro de 2014.
 - A autorización e disposición do gasto e do pago correspondente con cargo á aplicación orzamentaria 334.600, realizando o pago por medio de talón nominativo de cruzado a nome de José Manuel Rodríguez Varela e Olga Ferreiro González. O pago realizarase no momento do outorgamento da escritura de compravenda.
 - A propiedade transmitirá a mesma libre de cargas e gravames e responderá da evicción e saneamento da cousa vendida, con arranxo ao disposto na lexislación civil, debendo indemnizar ao concello sempre que por sentenza firme se lle privase de todo ou parte da mesma, en virtude de un dereito anterior á venda.
 - Facultar ao Sr. Alcalde para que en nome e representación do concello, proceda á sinatura pública de compravenda, así como á realización das xestións que sexan necesarias en orde á efectividade do presente acordo.

Unha vez que se realicen as xestións oportunas ante Catastro, así como a inscrición no Rexistro da Propiedade, procederase á Incorporación ao Inventario Municipal de Bens”.

- A Xunta de Goberno Local, na sesión de 23 de decembro, adoptouse acordo en relación co convenio de colaboración entre os Concellos de Palas de Rei, Antas de Ulla, Guntín e Portomarín, para a prestación do servizo de información ás mulleres e promoción da igualdade. O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexe a colaboración entre os



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Concellos para a prestación integral do servizo de información ás mulleres no seu ámbito territorial a través do CIM, tendo por obxectivos proporcionar asesoramento xurídico e psicolóxico, información sobre os recursos específicos e colaborar na asistencia integral das vítimas de violencia de xénero entre outros. Pola addenda incorpórase ao convenio suscrito o 15 de maio de 2019 ao Concello de Friol, por parte do Concello de Palas de Rei, titular dun centro de información ás mulleres CIM, conforme ao disposto no Decreto 182/2004 de 22 de xullo, polo que se establecen e regulan os requisitos para o seu funcionamento.

- A Xunta de Goberno Local, na sesión de 27 de decembro, adoptou acordo en orde ao acollemento de empresas no Viveiro de Empresas do Parque Empresarial de Friol, aínda que de conformidade coa normativa aprobada, procederá dar conta unha vez finalizado o procedemento de adxudicación. En relación co acordo adoptado, transcríbese a continuación a súa parte dispositiva:

- A convocatoria pública da nave número 3 para Viveiro de Empresas nave de usos múltiples do Parque Empresarial de Friol, de conformidade co disposto nas ordenanzas ao respecto, aprobadas polo Pleno do Concello de Friol na sesión de trece marzo de dous mil dezasete.
- Aos devanditos efectos os/as interesados/as presentarán a solicitude de conformidade co establecido no modelo oficial axuntando a documentación esixida na Ordenanza Municipal, no prazo de trinta días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación no anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. A convocatoria publicarase ademais no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Friol, da designación nominal dos membros do órgano de selección, así como as datas nas que proceda reunirse para a valoración da documentación e proposta de adxudicación.
- Facultar ao Sr. Alcalde tan amplamente como sexa necesario para a realización das xestións oportunas e a sinatura da documentación necesaria en orde á efectividade do presente acordo.
- Unha vez finalizado o procedemento de adxudicación, darase conta ao Pleno do Concello de Friol, para o seu coñecemento e aos efectos"

- A Xunta de Goberno Local, na sesión de hoxe 30 de decembro, en relación co servizo de limpeza e facturas pendentes da empresa Grupo San Froilán, adoptou o acordo do que se transcribe a continuación a súa parte dispositiva:

- Que á maior brevidade posible, segundo se ven reiterando pola intervención, se proceda á licitación, polo procedemento aberto, do servizo de limpeza, no que deberá incluírse ademais das que figuraban no pregos de condicións anteriores, as labores de limpeza do campo de fútbol, así como as do novo punto de atención á infancia, unha vez rematado, e se deixen de prestar no edificio no que se ubica actualmente, no que está prevista a realización de outras actuacións, unha vez realizados os investimentos previstos, para os que se conta con financiación xa outorgada polo programa Leader.
- Que previa a tramitación pertinente, se proceda ao recoñecemento e pago das facturas, que corresponden a un importe mensual de 181,50€ que a continuación se relacionan:
 - Facturas con data de entrada 4 de abril, 5 de xuño, 2 de agosto (dúas facturas) 14 de novembro, 18 de decembro de 2018 e facturas con data entrada 11 de febreiro de 2019 e con posterioridade factura do 4 de abril, correspondente ao mesmo concepto.
 - No que se refire á factura coa data entrada 11 de marzo, o importe correspondente á mensuralidade de 181,50€.
 - No que se refire ao importe restante da factura con entrada 11 de marzo (limpeza xeral), aí como a outra da mesma data de servizo ddd punto atención á infancia, e a de entrada 4 de novembro, tamén referida á limpeza xeral, rexeitar as mesmas, computando o seu importe con on cargo á mellora de servizos extraordinarios para o concello no seu día ofertados.

- Dar conta ao Pleno do Concello, do presente acordo, así como á Grupo San Froilán, aos efectos oportunos".

6.- ROGOS E PREGUNTAS.- A continuación o Sr. Alcalde pregunta aos señores concelleiros se queren facer algún rogo ou pregunta, non constando a presentación de ningunha cuestión por escrito con anterioridade á sesión.

Non se formula ningunha cuestión ao respecto.

Unha vez rematados os asuntos incluídos na orde do día, antes de rematar a sesión, o Alcalde agradece publicamente ao señor que ven asistindo como público nas sesións plenarias, a súa presenza e o seu interese pola marcha dos asuntos do concello e as xestións realizadas. Tamén quere facer constar os seus desexos de unhas felices festas e un bo ano novo para os asistentes, e para os veciños do concello, en xeral.

E non sendo outro o obxecto do acto, á vista de que non hai mais asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo ás trece horas e cincuenta e cinco minutos da data ao principio indicada, de todo o que que eu, Secretario, redacto a presente acta e dou fe.